

## V XORNADAS DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

Boas tardes. Eu son Alba. Son mestra no **CEIP Feliciano Barrera**, en Pontearreas, e vouvos falar un pouco do proxecto que fixemos ao longo do curso pasado.

Vaia por diante que o mérito é do equipo de biblioteca, a min tocoume falar hoxe pero todo o que se fixo foi grazas ao esforzo e ao empeño do equipo de dinamización da biblioteca.

Antes de nada, explicarvos un pouco como é o centro para que vos situedes e vos fagades a idea do que vos estou a falar.

Estamos nun colexio relativamente pequeno (13 mestres e 114 alumnos) que está nunha aldea de Pontearreas. É todo moi familiar.



Está composto por dous edificios de case 60 anos de antigüidade e isto ten vantaxes e desvantaxes.

No que se refire a instalacións: non temos ximnasio, non temos salón de actos, non temos aula de psicomotricidade, ... non temos nada. Só temos aulas ocupadas, sala de mestres, un despacho e biblioteca (a porta da biblioteca é esa que se ve aberta á dereita da imaxe, que ten acceso directo dende o patio).

Esta carencia nas instalacións é unha gran desvantaxe ... pero para o funcionamento da biblioteca chegou a converterse nunha vantaxe, xa que todo se ten que facer na biblioteca. Guste ou non ... non hai outro sitio. Antes ou despois, mestres e alumnos teñen que pasar pola biblioteca.

Esta é a nosa **BIBLIOTECA**.



Á hora de organizala tivemos que ter sempre en conta a necesidade de que sexa un **espazo polivalente**. Ten que ser biblioteca, aula de informática, salón de actos, ...

Os estantes grandes están contra as paredes e o resto de mobiliario ten rodas ou é sinxelo de mover, a excepción dos ordenadores que están ao fondo (neste momento temos 11, que é un bo número para a ratio que temos no centro).



Cando hai algunha actividade, os **axudantes de biblioteca** xa saben onde teñen que poñer cada cousa.

Non é necesario máis que dicirle: "*imos colocar a biblioteca*" e eles xa retiran todo, traen as colchonetas de educación física, colocan as cadeiras, ...



Cando hai algún acto na biblioteca, eles tamén son os encargados de axudar aos máis pequenos a baixar e cruzar o patio e son os acomodadores. Saben onde ten que sentarse cada curso e sempre axudan aos pequenos e indican aos maiores onde deben sentarse.



Todo isto eles fan encantados. Están sempre desexosos de que lle deamos máis traballo.

Isto é unha cousa que non deixa de sorprendernos ano tras ano. Aínda que xa sabemos que é así, sigue deixándonos abraiados que os nenos que queiran chegar a 6º para axudar na biblioteca, para prestar libros (que o fan co programa de autoempréstimo do MEIGA), para poder colocar eles os libros nos estantes, para organizar a biblioteca cando hai actividades, ...

Unha vez que os axudantes fan a súa labor, **así queda a biblioteca.**



E aquí entramos todos, ... un pouco apertados pero entramos





## **A PRINCIPIO DE CURSO PROPUXEMOS UN PROXECTO.**

Pero a cousa non é sinxela. Xa fai tempo que queremos facer un proxecto pero parecía que no noso cole non se podía. Chegabamos de xornadas e de cursos con ideas e con ilusión pero ... sempre hai mestres aos que non lles apetece, “*logo non dá tempo a rematar os libros*”, somos tan poucos que calquera cousiña é demasiado traballo, ... Xa houbera moitos proxectos pequenos e moi interesantes, pero nunca chegabamos a implicar a todo o centro.

O curso pasado decidimos intentalo de novo.

Na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica propuxemos facer un proxecto no que toda a comunidade educativa participase e que lle dese outro empuxón ao emprego da biblioteca como centro de recursos, que fose unha oportunidade para traballar as competencias doutro xeito.

Entón xurdiu a idea dos países (que tamén se fixo en outros centros e non é ningunha cousa moi orixinal) e a idea de relacionalos con cada mes do curso escolar: **8 meses, 8 países.**

Son 8 porque só temos 8 aulas (5º e 6º comparten aula e por agora non nos deixan separalos). 9 meses 9 países sería precioso pero ... tiveron que ser 8.

Na CCP estivemos todos de acordo pero ... Como levalo ao profesorado? Como facer para que se presten e lles sexa atractivo?



O xeito de plantexalo é importante, así que decidimos poñelo moi sinxelo: que todos fagan un pouquiño e os que queiran que fagan máis.

Pareceunos que o mellor sería cada quen fose libre de decidir ata onde quería chegar. Deste xeito, os mestres activos e proactivos teñen a oportunidade de desenvolver as súas ideas ao máximo e os pasivos ven que se non queren implicarse demasiado poden “liquidar” o traballo nunhas poucas sesións.

### **O plantexamento foi o seguinte:**

- ✓ Cada clase escolle un mes e un país pra traballar durante ese mes. O resto do ano xa está libre do proxecto.
- ✓ O último venres de cada mes, na hora da lectura, o curso que escolleu ese mes expón na biblioteca os datos que recadou das súas investigacións (moitos ou poucos, cada un os datos que teña)
- ✓ Cada curso fai un pequeno cartel coa información resumida do país que escolleu: localización, capital, idiomas, moeda, gastronomía típica, que se festexa nese mes, ...

Un par de cousas básicas e simples ... tan sinxelo que ningún mestre se podía negar.

E efectivamente todos dixeron que si, pero nós tampouco estabamos moi contentos, porque era tan pouquiña cousa que parecía case como non facer nada.

### **COMEZAMOS O TRABALLO.**

**Na biblioteca** mercáronse libros que pediron os mestres, libros que pediron os nenos e fondos que o equipo de biblioteca considerou que poderían ser de axuda (xogos, mapas, ...), facilitáronse enlaces, fixéronse carteis, fixéronse libros, ...

**O alumnado**, sempre en proporción á súa idade, tivo que buscar información na biblioteca (ordenadores, enciclopedias, revistas, mapas, ... todo vale), preguntaron nas súas casas, trouxeron música, ... A información viu de moitos xeitos e en moitos formatos distintos.

E **cos mestres** procesaron toda esa información para darlle forma.

O realmente sorprendente é que o proxecto, que parecía unha cousiña pequena sen maior importancia e que propuxemos coa intención de polo menos facer algo, cobrou vida e foi medrando e cobrando importancia no centro mes a mes.

Coméntovos un pouquiño como foron os traballos e como foi evolucionando este proxecto:

1. Comezamos no mes de **OUTUBRO** co alumnado de **1º** que traballou **IRLANDA** e o **SAMAÍN**.



A mestra ía traballando sobre o tema, buscando a información cos nenos na biblioteca, recadando imaxes de revistas e de internet, fixeron un mural, ... o típico, o de sempre ... pero hai algo máis, hai unha **posta en escena** que o cambia todo.

O último venres de outubro xuntámonos todos na biblioteca. Aproveitamos para darlle un pouco máis de importancia e fixémoslo coincidir coa entrega de premios ás máscaras e aos contos de medo e tamén se cantaron unhas cancións de medo que preparou a mestra de música coas distintas clases.

Sempre que xuntamos aos nenos na biblioteca, queremos que o pasen ben e o relacionen con algo lúdico, pero tamén que teñan esa sensación de que imos alí todos xuntos para algo importante. Hai unha presentación, explícaselles o que se vai facer, recórdanselle as normas, ... Dámoslle un pouco de pompa e circunstancia para **que o ambiente sexa diferente** a calquera hora de lectura na que unha clase baixa a coller libros co seu mestre.



Os nenos e nenas de 1º saíron cada un co seu trevo colgado e explicaron para todo o cole o que tiñan aprendido de Irlanda e do Samaín

Tiveron que compartir os seus coñecementos cun público moi esixente. Pero viñan moi preparados. Cada un coa súa tarxetiña para non esquecer a información, con todo moi ensaiado e puxéronnos unha presentación con música e imaxes para que todo quedase máis claro e mellor ilustrado



Non se limitaron á información básica que se propuxo para o cartel. Eles falaron da música, das personaxes famosas que naceron en Irlanda, dos deportes, do cine, fixeron un libro que escribiron eles mesmos con toda a información e con ilustracións feitas tamén por eles (este libro quedou na biblioteca para que o poida ler quen queira) ... e ademais convidáronnos a un pastel de pataca típico de Irlanda que trouxo unha das nenas da súa casa.

Todo este **traballo a maiores do que simplemente estaba proposto**, xa marcou unha tendencia para os traballos que virían despois.

En principio pensabamos que sería complicado que atenderan maiores e pequenos, pero estabamos totalmente equivocados, porque ao tratarse dos seus compañeiros, resultou moi interesante para todos (incluídos os mestres, que tamén aprendemos moito en cada exposición). Atenderon tanto os de 3 anos como os de 12. De feito, atenderon máis que se fose un mestre o que lles explicase todo.



2. En **NOVEMBRO** os nenos e nenas de **2º** traballaron sobre **PORTUGAL** e o **MAGOSTO**, que alí tamén se celebra.



O último venres de novembro seguindo co que xa sería para todo o curso unha costume, xuntámonos todos na biblioteca.

Os demais nenos do centro xa sabían a que viñan e démonos conta de que había unha **expectación moi grande**. Xa comprenderan a dinámica e estaban desexosos de ver que era o que lle contaban estes compañeiros.



Unha cousa que adoitamos facer moito é mandar a un par de nenos (mellor se son axudantes de biblioteca) que vaian pasando polas clases cun **recadiño** uns minutos antes de saír ao recreo: *“recordade que hoxe ao remate do recreo temos que ir á biblioteca para ver a exposición de Portugal”*.

Así os mestres non se despistan, que ás veces pode pasar, e os nenos e nenas xa comezan a falar e a argallar durante o recreo sobre o que será que imos ver, ... créase un pouco máis de interese.

Nestes recados tamén aproveitamos para meter as nosas **cuñas publicitarias**: *“se ides á biblioteca no recreo de hoxe, xa podedes coller o novo xogo de conectar capitais e países”,* ou *“os primeiros que cheguen hoxe á biblioteca xa se poden levar para casa algún dos libros novos de Kika Superbruxa”*. E escoitas: *“aaaah xa están ... profe eu vou ...”*

E de repente atópaste con que na biblioteca hai cola para coller libros e con que os nenos veñen preguntar e protestar que por que xa están os novos de Kika e non están os novos de Scoobydoo, ... que tardan moito.

Claro que, para ser de todo sinceros, hai que dicir que isto funciona sobre todo cando chove e os venres que é o día sen fútbol. O resto dos días ... vai funcionando.



Volviendo a Portugal e aos nenos de 2º:

Seguindo xa a tendencia que se converteu en norma non escrita, puxéronnos tamén unha presentación en imaxes e a información que trataron e que nos transmitiron a todos foi moito máis alá do que en principio se esperaba.



Ao final mostráronnos o cartel resumo e colgámolo na entrada xunto co de Irlanda.

# O MAGOSTO

**País:**  **PORTUGAL** 

**Idioma:** **PORTUGUÊS**  

**Costumes:** Teñen unha hora menos.  
Fados, Gato de Barcelos...

**Gastronomía:** Bacalao, feix cada  
pasteis de Belém, vinhos...

**Localización:** En Europa, no oeste da  
Península Ibérica. 

**Como se festexa:** Facendo fogueras, asando  
castañas, pintando a cara, 

3. En **DECEMBRO** os nenos de **4 anos** traballaron **FINLANDIA** e o **NADAL**.



*“4 anos ... a ver como sae isto ... son moi pequenos ... non van dar explicado nada ... os outros nenos non os van escoitar e van facer aínda máis ruído ... ”* Había moitísimas dúbidas con respecto ao que podían facer os nenos e nenas de infantil.

Creo que todos eramos un pouco escépticos cando entramos na biblioteca aquel venres.



E alí saíron ... todos vestidos de Papa Noel. Encantados de ser o centro de atención, de que todos estiveramos escoitando o que nos contaban e vendo os debuxos que nos mostraban.

Creo que realmente sorprendeunos a todos que cada un dixese a súa frase curtiña explicando o que lle tocaba, todos ordenadiños, todo moi ben ensaiado, ...

Quedou clara a información que querían transmitir e gustou o xeito en que o fixeron.



Unha grande parte do éxito do proxecto está no feito de que os nenos ensinen o seu traballo a tódolos outros, de mostralo, de **que non sexa algo que queda só na aula**. Implicáronse e esforzáronse moitísimo grazas a iso.

O bo é que detrás de todo iso está o traballo que todos fixeron sen darse nin conta. Para eles era preparar a “actuación”, a “presentación”, pero o que estaban a facer era busca de información, resumo, clasificación, ... traballar as competencias, **aprender a aprender**.

Colgamos o cartel xunto cos dos compañeiros.



4. A mestra de 5º e 6º decidiu escoller **XANEIRO** e **FRANCIA**, había algúns conflitos na aula e quería traballar con eles a **PAZ** e o país no que está a sede do Tribunal dos Dereitos Humanos.



Xuntámonos na biblioteca o mesmo día en que celebramos no centro o día da paz. Este foi un máis dos actos que viñeron despois.



Aquí viuse claramente que eran os maiores e que teñen máis facilidade para tratar a información, son máis críticos co que van a contar e teñen outra capacidade para transmitirlo ao público.

Déronnos moitos datos, moitísima información, quixeron que escoitáramos o himno, ... pero ademais pedíronlle axuda ao mestre de educación física e fixéronnos unha exhibición dos deportes favoritos dos franceses.

Os nenos estaban nerviosos, estaban desexando que xa lles tocara a eles, estaban preocupados de que todo saíse ben, ... realmente estaban emocionados.



Os mestres empezamos a ver que **os nenos tiraban de nós**. Tiñan ilusión e eles mesmos puñan o listón moi alto.

Sobre todo os nenos de 2º e 3º ciclo, tiraron moitísimo polos mestres. Eles querían facelo tan ben ou mellor que os compañeiros, querían facer algo máis orixinal, querían buscar máis cousas, ... *“meu pai trouxo isto de Londres, podo traelo para ensinallo aos nenos?”*, *“eu teño un disco en francés, podemos poñer algunha canción?”*, ... foron eles os que tiveron moitas ideas orixinais, ...

E os cursos que ían quedando para o final pasaron todo o ano igual: *“profe cando nos toca a nós?”*, *“profe eu quería que nos tocara xa, non é xusto que nós tardemos tanto”*, *“profe que país nos vai tocar? Eu quería que nos tocara Alemaña que meus pais estiveron alí”*

Estaban realmente interesados e querían traballar máis, buscar máis, dedicarlle máis tempo, ... e nós cos ollos abertos coma pratos ...



Este é o cartel que fixeron.



5. En **FEBREIRO** toca a traballar o **ENTROIDO**, así que a mestra de **3 anos** escolleu **ITALIA** para traballar sobre todo Venecia e o seu Entroido.



Os nenos e nenas de 3 anos apareceron na biblioteca cos seus sombreiros de gondoleiros.



Neste caso, como lles custaba moito falar, e máis habendo público, dixeron moi pouquiño cada un. Pero a mestra decidiu gravalos na aula e logo proxectar as imaxes dos nenos por parellas explicando o que é unha góndola, o que é o Entroido, o que é un canal, como se chega a Venecia ... fixéronnos rir moito a todos e eles quedaron encantados de verse a si mesmos na pantalla grande.

Resultou ser unha exposición moi bonita e a todos nos gustou moito.

O cartel colgouse na entrada xunto con tódolos outros.



No Entroido os disfraces de todo o centro estaban relacionados co Entroido de Venecia.

E co do Entroido comezamos a darnos conta de que **os nenos e nenas relacionaban** sempre o país coa aula que expuxera a información: *“Nenos, imos ir disfrazados de gondoleiros – aaaah como os nenos de 3 anos”, “este compositor é francés – aaaah Francia como os de 5º e 6º”* Sempre saía algunha voceciña relacionando *“profe ... e fálase inglés igual que en Irlanda, que o dixeron os de 1º”*.



6. En **MARZO** o que toca a traballar é sempre a **PRIMAVERA**, así que a mestra de **5 anos** escolleu **HOLANDA** e os seus tulipáns en flor.



Os nenos saíron todos co seu tulipán na solapa e foron contándonos todo o que aprenderan sobre Holanda.

Trouxeron galletas holandesas para todos, ... que iso foi un gran éxito, claro.



A todo isto a **competencia** por ver quen o facía mellor xa pasara dos nenos aos mestres. Escoitábanse na sala de mestres e nos corredores comentarios do tipo “*que alto estades poñendo o listón*”, “*galletas para mercar ao público é trampa, non debía estar permitido*”, “*menos mal que fomos dos primeiros que isto está cada vez máis difícil*”, “*a nós tócanos para o mes que ven e xa estamos a preparar unha sorpresa*”, ...

Os mestres entramos no xogo igual que os nenos.

Cando lle sacamos a foto ao cartel xa se romperá, pero as aspas do muíño xiraban. Aos nenos encantoulle e por iso durou pouco.





7. En **ABRIL**, por suposto o tema é o **DÍA DO LIBRO**, así que os nenos e nenas de **3º** traballaron o **REINO UNIDO** e a Shakespeare.



Sorpresa total: **houbo que dividir a exposición en 2 días.**

No primeiro día déronnos toda a información, puxéronnos imaxes, mostraron o cartel, ...

Os nenos fixeron nas súas casas obxectos relacionados con este país: a noria, os soldados da garda real, o palacio, ... e trouxeron das súas casas obxectos relacionados (bandeiras, discos, xogos de té, ...) fixeron unha exposición que estivo unha semana na biblioteca.



Pero é que a mestra fixo unha tradución ao galego e unha adaptación para nenos de Romeo e Xulieta, que interpretaron para todo o cole ao día seguinte. Con vestiario, decorado, ... foi impresionante.

Tanto, que se representou de novo no festival de fin de curso para as familias

O cartel colgouse cos outros na entrada.



8. Chegamos a **MAIO**, o mes das **LETRAS GALEGAS**. Así que os nenos de **4º** directamente traballaron **GALICIA**. Aquí deixáronse de fronteiras e foron directos, porque lles pareceu que de España había demasiadas cousas e quixeron facer só do que eles sabían mais.



Ademais de toda a exposición, o cartel e as imaxes xa habituais, neste mes fíxose un traballo especial: a mestra de música compuxo unha canción con letra e música orixinal sobre o cole de Guláns que se titula **“En galego”** (por suposto, relacionado coas letras galegas).

Estas son imaxes conxeladas do vídeo, por iso aparece parte da letra.



Este é o enlace para poder ver o vídeo <http://www.youtube.com/watch?v=rOtb0c265M4>

Con esta canción, que tamén fala un pouco de ler en galego, gravouse un vídeo clip no que saen imaxes da biblioteca, nenos lendo, ...

Fíxose ao longo de todo o mes e presentouse o mesmo día que se fixo a exposición de Galicia.

Foi un gran final para o proxecto porque, aínda que a relación coa biblioteca non é tan directa, tamén se trata dun traballo no que participaron tódolos mestres e tódolos nenos e nenas. Un traballo co que todos eles se sentiron moi identificados.

Este foi o último cartel.



A principio de xuño estaban expostos por fin na entrada **OS 8 MESES E OS 8 PAÍSES.**



Estes carteis estaban dentro das expectativas que tiñamos ao comezar o proxecto, pero todo o que hai detrás foi a maiores.

Foi unha proposta moi sinxela, pero cobrou vida e foi medrando mes a mes.

**ESTE ANO** quixemos amplialo un pouquiño máis.

Aínda que sigue sendo unha cousa sinxela: **O SÉCULO XX.**

Cada mestre vai traballar unha década do século pasado, pero a diferenza co ano anterior é que se implicaron tamén os especialistas e deixou de ser unha cousa só das titorías. Ou iso esperamos. Veremos como funciona este curso.



Dende logo hai que dicir que **o esforzo pagou a pena.**

E o proveito non foi só para o alumnado. Os mestres aprendemos moitísimo.

E xa vos digo que houbo algún que empregou por primeira vez a biblioteca e os ordenadores cos seus alumnos ... e incluso lle pareceu que estaba moi ben, que había moitos recursos interesantes.

Isto é unha alegría, porque cada vez que un mestre decide incluír a biblioteca escolar entre os seus recursos, está abrindo as portas a tódolos alumnos que van pasar polas súas mans ao longo dos anos.

O máis importante é que os mestres valoremos a biblioteca do cole non só como centro de recursos de lectura e de información, se non como centro de recursos para o APRENDIZAXE con letras maiúsculas.

Ese “aprender a aprender” que escoitamos tan a miúdo e que moitas veces non nos paramos a pensar no seu significado real.

A biblioteca é sen dúbida un dos lugares ideais para **APRENDER A PRENDER.**